

PILATES APLICADO EN FISIOTERAPIA

Iris Machado de Oliveira e Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e Laura Rodríguez Rodríguez.

Curso 2021-22

Clases teóricas: xoves de 13:15 a 14:15 horas e de 17:45 a 19:45 horas.

Clases prácticas: martes de 17:45 a 19:45, xoves de 19:45 a 21:45

e venres de 9:30 a 13:30 horas.

VALORACIÓN DA MATERIA

Para superar a materia, terase que acadar, polo menos, **5 puntos sobre os 10** posibles. No caso de suspender a materia, á convocatoria de xullo só se irá coas partes non superadas. A distribución global da cualificación da materia pódese observar no seguinte esquema:

	Porcentaxe	Puntos
Parte teórica	35%	3.5
Parte práctica	35 %	3.5
Traballo final	30%	3
TOTAL	100%	10

Para aprobar a materia, @ alumn@ deberá acadar 5 puntos nunha escala de 0 a 10 en cada unha das partes.

As **partes teórica e práctica** teñen un valor, cada unha delas, de **3,5 puntos** sobre a nota global. Para superar a parte teórica e práctica da materia hai que acadar en cada unha delas, cando menos, 1,75 puntos, respectivamente.

A **parte teórica** será avaliada ben por avaliación continuada (véxase o apartado de "cartafol/dossier" da *Guía docente*), ben mediante exame tipo test de 40 preguntas (véxase na *Guía Docente* da materia a fórmula que se seguirá).

A avaliación continuada esixirá a asistencia a un mínimo do 80% das clases. Entrega ao final de cada clase, ou cando se estableza en función da actividade desenvolvida, das evidencias do traballo realizado ao longo da mesma. Ao final das clases teóricas cada estudante terá que entregar un documento de avaliación da materia e o traballo desenvolvido, así como unha autoavaliación de si mesmo.

A avaliación mediante exame tipo test será obrigada para aqueles que falten máis de 4 horas de clase teórica ou para quen o elixa voluntariamente. Terá unha duración de 1 hora. O exame valorarase nunha escala de 0 a 10 puntos e despois transformase o seu valor ao que lle corresponda segundo a porcentaxe da teoría na cualificación final da materia.

O profesor Rodríguez será o responsable da teoría.

A **parte práctica** constará de 2 exames, un cos exercicios Pilates en máquinas e outro cos exercicios en mat (tódalas preguntas terán o mesmo valor). Os exames prácticos tamén se valorarán na escala de 0 a 10 puntos, pasándose logo á escala que lle corresponda. Realizarase:

- Un **exame de exercicios Pilates en máquinas**: farase no último día de clase práctica coas máquinas. Consistirá en realizar 1 exercicio elixido ao azar pol@ alumn@, tendo 5 minutos para a súa contestación. Suporá un terzo da cualificación da parte práctica.
- Un **exame de exercicios Pilates en mat**: farase no día correspondente á convocatoria de maio-xuño. Consistirá en realizar 2 exercicios elixidos ao azar pol@ alumn@, tendo 10 minutos para a súa contestación. Suporá dous terzos da cualificación da parte práctica. Para presentarse a este exame práctico en mat, @ alumn@ terá que presentarse primeiro ao teórico e ter feito o de máquinas.

Ámbolos dous profesores serán os responsables da parte práctica da materia. Sortearase a persoa a partir da que dará comezo cada un dos exames prácticos.

O **traballo final** terá un valor máximo sobre a nota final de **3 puntos**, e teranse en conta as seguintes consideracións:

- A realización, exposición e defensa do traballo é obrigatoria para superar a materia, polo que será imprescindible presentar e defender o traballo nas datas establecidas ao inicio do cuadrimestre.
- Para o seu desenvolvemento e os temas sobre os que facer o traballo, véxase documento específico.
- Para a súa valoración e as características do traballo, véxanse a *Guía Docente* e documento específico.
- O traballo considerase aprobado en caso de acadar, cando menos, 1,5 puntos nel.
- Os profesores Machado e Rodríguez serán os responsables dos traballos.